



## III CONCURSO DE CHÍOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO IES Macías o Namorado

Con motivo do 25 de novembro, día Internacional contra a Violencia de Xénero, o IES Macías o Namorado convoca o III CONCURSO DE CHÍOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2018. **Buscamos mensaxes, lemas ou expresións de repulsa contra a violencia de xénero** que se realicen a través da rede social Twitter.

### **BASES DE PARTICIPACIÓN**

1. Poderán participar no concurso todos os membros da comunidade educativa que o desexen. Cada participante poderá enviar un máximo de tres chíos.
2. Os chíos que participen no concurso deberán incluír o cancelo **#MaciasSenViolencia**.
3. As persoas que presenten os seus chíos serán responsables da orixinalidade e a autoría dos mesmos.
4. A **data límite de presentación** de chíos será o **21 de novembro de 2018**.
5. Un xurado será o encargado de avaliar os chíos presentados. Procurarase que haxa unha presenza equilibrada de homes e mulleres no xurado.
6. Os *criterios de avaliación* serán : **contido e tratamento do tema (4 puntos), orixinalidade (3 puntos) e capacidade de impacto (3 puntos)**.
7. O **agasallo** consistirá nunha tarxeta por valor de 20 € para trocar nos cines Cinesa.
8. A presentación de chíos ao presente concurso supón a aceptación plena das bases.

Padrón, 29 de outubro de 2018